
Concello de Arbo

BASES DO CONCURSO DE CARTEIS DA “LX FESTA DA LAMPREA”: CATEGORÍA LIBRE

1.- Obxectivo ou Finalidade do concurso:

O Concello de Arbo convoca o concurso de carteis con motivo da celebración da “LX Festa da Lamprea” que terá lugar os días 24, 25 e 26 de abril de 2020.

Este concurso ten como obxectivo deseñar o cartel para a “LX Festa da Lamprea” promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio.

2.- Participantes:

Poderán participar no concurso todos os interesados no mesmo.

3.- Tema, Característica técnicas, Soporte e Material:

Tema: LX Festa da Lamprea.

Soporte: As propostas serán entregadas en soporte físico (papel, tela, cartón...) no que os participantes consideren axeito e en tamaño mínimo A3, así coma en soporte dixital á máxima resolución.

Poderán presentarse como máximo dous carteis por participante.

Nos carteis deberá incluírse de xeito correcto as datas da Festa, as letras e a edición da festa correspondente ao ano 2020: “LX Festa da Lamprea (24, 25 e 26 abril)”. O erro en algún destes aspectos determinara a exclusión do cartel.

Material: Os materiais a empregar poderán ser lapis de cores, ceras, acuarelas, témperas, collage, etc.

As obras orixinais presentadas deberán vir protexidas de forma adecuada, o Concello non se responsabiliza de ningún dano que poidan sufrir durante o concurso.



Concello de Arbo

Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: 600,00 euros.
- 2º Premio: 300,00 euros.
- 3º Premios: 100,00 euros.

Os premios serán entregados na Gala da Lamprea.

O día e lugar da Gala, estará dentro das actividades programadas nos actos da Festa da Lamprea e será debidamente notificado aos gañadores.

É condición indispensable que os gañadores estean presente no acto para recoller o premio.

O importe dos premios será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do exercicio 2020, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2020.

Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

5.- Presentación:

O prazo para a entrega das propostas de carteis finalizará **o día 20 de decembro de 2019.**

Ditas propostas serán entregadas no rexistro xeral do Concello sito na Praza do Consistorio nº1, 36430, Arbo (Pontevedra) nun sobre pechado acompañadas dun sobre adicional tamén pechado no que figurarán os datos persoais do participante, fotocopia do DNI e domicilio e teléfono ou medio de contacto.

No exterior do sobre indicado, aparecerá, en letras maiúsculas o tema do concurso, sen constar alusión algunha que permita identificar ao concursante, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.





Concello de Arbo

6.- Xurado:

Haberá un xurado composto por representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do Concello de Arbo, cuxa designación se fará pola Alcaldía, e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento.

O xurado poderá deixar baleiros os premios se ningunha proposta acada a calidade esixida, ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten ás bases.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

Os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos gañadores/as.

7.- Traballos premiados:

As propostas presentadas e premiadas ficarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

O Concello poderá efectuar cantas reproducións precise do cartel que obteña o premio e difundilo, sen que polo seu autor poda evocar ningún tipo de dereito ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar material relacionado coa festa.

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

8.- Traballos non premiados:





Concello de Arbo

As obras non premiadas devolveranse aos seus autores, podendo estes pasar a recollelas polas dependencias municipais.

As obras non premiadas poderán ser recollidas a partir do quinto día posterior ao fallo do xurado no mesmo lugar onde foron entregadas.

Os autores das obras serán os encargados de retiralas da forma que estimen oportuna.

Transcorrido o prazo de 30 días, o Concello non se responsabilizará do destino das obras non retiradas.

9.- Publicidade:

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, na web do Concello de Arbo (www.concellodearbo.es) e nas redes sociais do mesmo.

10.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais





Cod. Validación: 6QTFP47XWF7N3KZC52YL2PGK | Corrección: <http://concellodearbo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5